

EDITORIAL

A reforma educativa é un problema á orde do día na nosa sociedade: **1**, Hai necesidade de destinar un maior esforzo formativo dos traballadores nas empresas (deberase empezar a pensar en destinar un 10% da xornada laboral a formación); **2**, Hai necesidade de elaborar programas de formación destinados á aprendizaxe dos postos de traballo nas empresas, unha formación con excelentes resultados en Alemaña, e da que se dixo que é moi xenuínamente alemana e difícil de "transplantar"; moi difícil si, pero posible de intentar; **3**, Hai necesidade de deseñar unha formación para insertar laboralmente unha moi numerosa poboación desocupada; e hai moitos medios para isto, que están a ser utilizados, sen embargo, para financiar unha serie de institucións e tinglados que teñen outras finalidades, e que acceden, mediante subvencións á formación, a uns recursos cuantiosos que non son destinados máis que formalmente á formación, constituíndo unha estafa monumental e un formidable negocio montado sobre as necesidades dos parados coa connivencia da Administración Pública, que a penas require o cumprimento de condicións formais; **4**, Temos o reto inminente da reforma da ensinanza secundaria, e a propósito dela os cooperativistas do ensino realizaron o 5 de febreiro unhas xornadas en Pontevedra, das que recolleemos algunhas ponencias. **5**, As ensinanzas universitarias están a ser reformadas tamén, cos cambios dos Plans de Estudos universitarios, que incorporan o sistema de "créditos" e amplían as posibilidades de opción dos estudantes. Sería unha boa ocasión para consagrar, na práctica da aprendizaxe universitaria, o principio de liberdade de estudo consagrado pola lexislación universitaria española, pero postergado polas prácticas e as programacións docentes, sen que se teña feito unha reflexión aprofundada.

Entendemos que a educación e a formación constitúen a tarefa máis seria e de maiores dimensións e horizontes que ten unha sociedade ante si propia. E, de acordo con Kant, tamén é "a tarefa máis difícil que poida propoñerse". A educación non pode ser concebida como un acoso á vitalidade dos estudantes, nin como unha reprodución socialmente validada duns estereotipos relacionais, nin como un expediente de obtención de fondos, nin un sistema de entretenimento de parados... Que pena que non se teña producido nin pareza que se

vaia producir un debate en profundidade sobre a educación e a formación entre nós. E que pena que, por falta deste debate, non se vaia confrontar, de acordo coa gravidade da retesía histórica, esta "tarefa a máis difícil que se poida poñer": significará entre nós a continuación do afastamento secular, especialmente cando estamos na portela dun cambio civilizacional de proxección tan considerable.

Pero, se este debate non se produce na sociedade globalmente, deberá producirse, cando menos, no mundo cooperativo. Deberemos asumir os retos duns liñamentos e prácticas educativas e formativas que poidan traducirse en programas. Recollendo a nosa tradición histórica: das escolas das sociedades de emigrantes, das escolas dos pósitos de pescadores, dos movementos de ensinantes anovadores do ensino, da Cooperativa de Artesanos de Vigo promovendo a Escola de Artes e Oficios, do principio cooperativo fundamental da educación, e, xa hoxe, das Cooperativas de Ensinanza, que ben poden redobla-lo seu esforzo de asunción da reforma. Por fin, a recentemente formada Federación de Cooperativas Sinexia estudia a posibilidade de lanzar un amplo programa de formación ocupacional como unha das súas prioridades.

Non faltan capitais na sociedade de hoxe: faltan máis ben proxectos empresariais serios e xente comprometida con eses proxectos. Cómprenos unha formación onde se aprenda a producir, se aprenda a traballar en equipo, se aprenda a delegar, se aprenda a compartir coñecementos, que permita ós homes seren autónomos e que cultive seguranza en si. Por fin, que transmita imaxes de futuro. Se foramos capaces de concebir e poñer en práctica unha formación capaz de transmitir esta bagaxe de proxectos, compromisos e persoas, un paso decisivo tería sido dado cara unha sociedade futura instruída e laboriosa.